

## NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

### Editores

No **Editorial** deste número a Presidenta do Comité Organizador das XVI Xornadas Galegas de Medicina de Familia presenta as Xornadas e animanos a asistir ao congreso e gozar duns días en Lugo.

Catro **Orixinais**, unha descrición das **características epidemiolóxicas dos pacientes con osteoporose**, unha revisión sistemática sobre a **asociación entre estatus socioeconómico e tuberculose en España**, unha descrición das **características das solicitantes da pílula postcoital en toda a provincia de Lugo** e, finalmente, un estudo da **disfunción sexual asociado a tratamento antidepressivo**.

Unha segunda pílula do **manual de urxencias, "ABCDE en Urgencias Extrahospitalarias"**, presentando neste número o manexo das **bradicardias**, das **taquicardias** e da **fibrilación auricular** en urxencias de atención primaria.

En **Habilidades e Terapéutica** neste número continuamos coa segunda parte, na serie do 061, do ilustrativo e docente **manexo dun paciente politraumatizado** (incorporando unha fe de erratas da primeira parte), e un novo caso, moi atractivo e revelador da potencia, unha vez máis, da ecografía na sección de **Ecomatrix** coa resolución dun novo caso na web.

**Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico**, outra chamada de atención á nosa práctica clínica co título **É fiable o cálculo do índice nocello-brazo cun oscilómetro dixital?**, referencia bibliográfica: [Veiga J, Caló S, Garcipérez FJ, Vicente L, Pacheco N, Zamorano J et al. **Enfermedad arterial periférica: eficacia del método oscilométrico**. Rev. Esp Cardiol 2011; 64: 619-621]

En **Colaboración** editamos a Lección inaugural (ver foto na contraportada, no Paraninfo da Coruña) do curso académico 2011-2012 da Universidade da Coruña (titulada **A toma de decisións dos profesionais sanitarios na práctica clínica**), impartido polo Dr Salvador Pita Fernández, Catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública na Universidade da Coruña. Agradecemos á Universidade da Coruña a autorización para a publicación desta Lección inaugural.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, que non deixa de sorprender e resulta un foco excelente de formación, con cinco novos casos.

Agradecemos o uso por parte dos lectores da sección **Espazo para o Debate**, libre e profesional, sobre a atención primaria. Neste número preséntanse dous traballos: **¿Patas Negras?**, unha réplica a outro documento publicado nesta sección no número anterior, e **A saúde como negocio**, de Pablo Vaamonde.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** na que nos acercan de novo á figura de **Nóvoa Santos e a influencia de Darwin**, así como se presenta unha recensión do libro **"Roberto Nóvoa Santos. Las primeras páxinas" e a segunda entrega, da serie, coordinada por Pablo Vaamonde**, moi valiosa e dedicada á recuperación de feitos, personaxes e organizacións relacionados coa sanidade, que forman parte da nosa **memoria histórica** e titulada neste número **Médicos, Practicantes e "Maquis": O apoio á guerrilla e aos represaliados na posguerra**.